



# CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

## Análise gráfica da pobreza e a desigualdade salarial en Galicia

*Cadernos do S. N. de CCOO de Galicia*

*Análise gráfica da pobreza  
e a desigualdade salarial en Galicia*

*Maio de 2014*

Elaboración: Secretaría de Política Social e Gabinete Económico

## ÍNDICE

1. Introducción.....	5
2. En Galicia hai varios centos de miles de persoas con salarios por debaixo do limiar da pobreza.....	5
3. A desvalorización salarial afecta máis a quen menos cobra.....	7
4. Coa recesión agrávase a desigualdade.....	8
5. As características da pobreza laboral.....	9
5.1. O tipo de xornada.....	10
5.2. Ser muller.....	10
5.3. A idade.....	11
5.4. A nacionalidade.....	11
5.5. O tipo de contrato.....	12
5.6. A antigüidade.....	12
5.7. Os servizos de baixo valor engadido.....	13
5.8. O tamaño da empresa.....	13
5.9. O sector privado.....	14



Este texto breve ten como obxecto ofrecer unha análise, baseada en gráficos, da pobreza laboral, a desigualdade, a desvalorización salarial e as coordenadas dos colectivos que máis a sofren. Son temas complexos e, para coñecelos a fondo, cómpren estudos bastante máis amplos do que aquí se presenta; pódense consultar outros documentos elaborados polo Gabinete Confederal.

A fonte de información utilizada é a enquisa de poboación activa (EPA) elaborada polo INE que inclúe, para os datos anuais, unha análise por decís salariais. Con palabras do INE, «para calcular os decís salariais procédese da seguinte forma: ordénanse todos os asalariados segundo a contía do salario mensual percibido e divídense despois en dez grupos iguais, é dicir, co 10% dos traballadores en cada grupo. O primeiro decil salarial corresponde ao primeiro grupo de traballadores, ou sexa ao 10% con menores salarios; o segundo, ao 10% seguinte, e así sucesivamente ata chegar ao décimo decil, correspondente ao 10% de traballadores con maiores ingresos».

O último ano dispoñible é de 2013, cando a media anual de persoas asalariadas en Galicia foi de 777.200. No decil 1 están as 69.500 persoas que teñen o salario máis baixo; no último decil, o 10, o mesmo número de persoas co salario máis alto. Entre ambos os valores están os outros oito decís.

O INE define os límites inferiores e a media de cada decil, que é o salario medio en cada un deles, o que nós utilizamos neste informe.


### *EN GALICIA HAI VARIOS CENTOS DE MILES DE PERSOAS CON SALARIOS POR DEBAIXO DO LIMIAR DA POBREZA*

No ano 2013, o decil 1 (engloba as 70.000 persoas asalariadas con menores ingresos) tiña de salario medio 410 euros mensuais brutos en doce pagas, unha contía que queda moi por baixo do limiar do risco de pobreza.

Aínda que resulte difícil de aceptar, en Galicia hai 70 mil traballadores e traballadoras por conta allea cunha retribución anual inferior a 5.000 euros que, distribuídos en doce nóminas mensuais e dúas pagas extras (o formato máis habitual no noso país), equivale a unha nómina mensual de 351 euros brutos.

Ese ano, a contía do salario mínimo interprofesional era de 645,3 euros mensuais en catorce pagas, o que dá unha idea do salario ínfimo que cobran unha de cada dez persoas asalariadas no noso país. Como despois se verá, esta aparente

irregularidade de tanta xente por baixo do mínimo legal que se pode cobrar explícase polo traballo a tempo parcial.



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA/INE

As 83.500 persoas asalariadas encadradas no segundo tramo de ingresos máis baixos, o decil 2, teñen de salario medio 818 euros. Facendo a mesma operación que no punto anterior, equivale a un total anual bruto de menos de 10.000 euros que, distribuídos en salario mensual e dúas pagas extras, son nóminas de 700 euros.

**A suma dos dous decís agrupa 153.000 persoas asalariadas, o 20% do total. Queda delimitada a primeira definición da pobreza laboral: unha de cada cinco persoas que traballan por conta allea en Galicia cobra menos de 700 euros brutos en catorce pagas.**

O terceiro decil non chega á situación de pobreza pero os seus ingresos seguen sendo moi baixos: os 1.106 euros brutos en 12 pagas (13.300 ao ano) equivalen a unha nómina de 948 euros brutos, expresado na forma máis habitual de salarios ordinarios e pagas extras.

**Se sumamos os tres decís, temos como resultado que 245.000 persoas asalariadas, o 31% do total, teñen unha nómina mensual que non alcanza os 950 euros brutos. Ou, utilizando unha expresión que fixo fortuna, unha de cada tres persoas asalariadas non chega a ser mileurista.**

En realidade, en termos netos a cifra é bastante menor porque, aínda que na maioría dos casos estes ingresos non tributan no IRPF, si cotizan á seguridade social; polo tanto, é o salario recibido directamente por 245.000 persoas e non supera os 900 euros netos mensuais.


## A DESVALORIZACIÓN SALARIAL AFECTA MÁIS A QUEN MENOS COBRA

As persoas asalariadas encadradas nos últimos decís, o 20% das que menos cobran, son cada vez máis pobres porque sofren a desvalorización salarial con maior intensidade ca o resto.

Desde 2010 a 2013, todos os tramos salariais perderon poder adquisitivo pero os efectos foron moito máis duros entre as persoas que menos cobran. O valor medio da redución do salario en termos reais é do 7,4% como consecuencia dun incremento nominal do 1,6% e un IPC acumulado do 9,1% nese período.

Pero este valor medio distribúese de forma moi dispar: quen máis cobra (decil 10) perdeu o 4%, mentres que quen menos cobra (decil 1) viu reducido o seu salario real o 25%.

**Isto é, a perda dos que menos gañan multiplica por seis veces a dos que máis gañan. As 70.000 persoas asalariadas que están no último tramo salarial son pobres pero, ademais, cada vez se empobrecen máis porque en tres anos perderon case un de cada catro euros do seu salario real.**



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA/INE

Hai que aclarar que este dato non debe interpretarse como unha caída individual dos salarios das persoas incluídas neste tramo, senón como a redución media do decil. Non se trata, pois, de que alguén que cobraba 487 euros en 2010 cobre agora 410, senón de que, como consecuencia dos cambios na composición do decil, a retribución media experimentou esa caída.

O segundo tramo cos salarios máis baixos, o decil 2, tamén perdeu poder adquisitivo moi por encima da media. As 83.500 persoas traballadoras por conta allea

deste decil perderon un 18% de capacidade de compra, catro veces e media máis ca o tramo dos salarios máis altos.

Por último, o decil 3 tamén evoluciona peor ca a media, se ben en cifras inferiores aos dous anteriores: perdeu o 12,3% de poder adquisitivo.

**Polo tanto, o 31% dos traballadores e traballadoras que xa tiñan en 2010 os ingresos máis baixos viron reducidos os seus salarios pero, sobre todo, o seu poder adquisitivo, nunha porcentaxe moi superior ao resto de tramos. O resultado é un maior empobrecemento como consecuencia da recesión.**


### COA RECESIÓN AGRÁVASE A DESIGUALDADE

A pobreza laboral e a desigualdade son as dúas caras do mesmo problema. A deterioración salarial repercute máis nas persoas que menos cobran: empobrécese máis e anchéase a brecha cos niveis máis altos.

Unha forma simple pero efectiva de medir a desigualdade é comparar o salario medio do decil máis alto co do decil máis baixo. No ano 2007 (antes do estalido da crise), o salario medio do decil 1 era de 487 euros mentres que o decil 10 estaba en 3.689 euros. A comparación dos dous valores dános un cociente que mide a diferenza entre ambos: os asalariados do decil 1 cobraban 7,6 veces máis que os do decil 10, isto é, unha proporción de case 8 a 1.

No ano 2010, no medio da gran recesión, o decil 10 reduciu o seu salario medio ata 485 euros mentres que o decil 10 subiuno ata 4.265 euros. O resultado deste proceso diverxente foi un aumento da diferenza entre ambos: en 2009 a proporción é de 9 a 1.

Co último dato coñecido ata agora, este aumento da desigualdade agrávase. O salario dos que menos cobran segue caendo ata se situar en 410 euros, mentres que o nivel máis alto segue aumentando ata chegar a 4.460: a proporción é agora de 11 a 1.



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais



**En apenas seis anos pasamos dun cociente de 7 a 1 a outro de 11 a 1. Isto reflicte que, ademais do empobrecemento, estase ancheando a brecha salarial, aumenta moito a desigualdade.**

E o peor é que esa maior diferenza non se explica porque os salarios altos subisen máis ca os baixos, senón porque os salarios máis baixos redúcense. A brecha salarial aumenta porque os niveis salariais máis baixos se empobrecen, porque os seus salarios redúcense mentres que nos niveis altos crecen, aínda que sexa lixeiramente.


### *AS CARACTERÍSTICAS DA POBREZA LABORAL*

Neste apartado profundamos na composición interna do decil 1: cales son as variables máis relevantes para que unha persoa que traballa como asalariada pertenza a ese grupo. Os datos son os que o INE estima para o conxunto do estado sen desagregación para Galicia, pero con gran probabilidade tamén representan a realidade galega.

Analizáronse todas as características que incorpora a estatística do INE. Como síntese do que despois se desenvolve, os factores vinculados á pobreza salarial son os seguintes:

- Traballar en xornada parcial é o factor determinante para estar no grupo dos salarios máis baixos.
- Ser muller, porque triplican os homes no tramo dos salarios máis baixos.
- A mocidade leva a peor parte, pero todas as idades están representadas na escala inferior dos salarios
- Españois e estranxeiros sofren a pobreza salarial.
- Tanto os contratos temporais como os indefinidos perciben baixos .
- Os contratos con menos antigüidade son os peor remunerados, pero os baixos salarios afectan tamén á xente con antigüidade
- Os servizos de baixo valor engadido concentran os baixos salarios.
- Canto máis pequena é a empresa, máis baixos son os salarios.
- Os salarios máis baixos páganse case todos no sector privado.

### 5.1. O tipo de xornada



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais


Traballar en xornada parcial é o factor determinante para estar no grupo dos salarios máis baixos. No decil 1, o das persoas que menos cobran, o salario medio é moi inferior ao SMI; isto só é legalmente posible se se traballa menos de 40 horas semanais.

**O 92% das persoas que conforman o decil 1 traballan como asalariadas a tempo parcial; só o 8% traballa a xornada completa.**

O traballo por horas aumenta ata converterse nun dos eixes da precariedade, e empeza repercutir moi negativamente no mercado laboral. En 2007, só o 11%

dos asalariados aceptaban unha parcialidade non desexada pola maioría; hoxe xa son o 16%, que chega ao 20% se se ten en conta só o sector privado.

### 5.2. Ser muller



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais


As mulleres triplican os homes no tramo dos salarios máis baixos

Na composición do decil 1 adquiren enorme relevancia as diferenzas salariais por discriminación de xénero. As mulleres padecen con maior intensidade a pobreza laboral porque perciben os salarios máis baixos.

**O 75% das persoas do tramo salarial máis baixo son mulleres fronte ao 25% de homes: o cociente é de 3 a 1 en contra das mulleres.**

Nesta enorme desvantaxe das mulleres inflúen todas as variables determinantes do salario: o tempo parcial (xa vimos que afecta ao 32% das mulleres e ao 9% dos homes) e as de tipo sectorial ou contractual, que veremos despois.

### 5.3. A idade




FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

A mocidade leva a peor parte, pero todas as idades están representadas na escala inferior dos salarios. A idade inflúe na composición das persoas cos salarios máis baixos pero non é determinante, aínda que o diferente peso de cada tramo desvirtúa a comparación.

**O 14% das persoas do decil 1 teñen menos de 24 anos, mentres que estas só son o 5% do total das asalariadas; pero tamén 1 de cada 10 maiores de 55 anos está nese tramo salarial.**

A pertenza ao decil 1 é transversal en termos de idade, se ben as diferenzas cuantitativas son máis relevantes entres os máis novos. Nos restantes tramos de idade, o peso no emprego é similar ao seu peso no decil. Isto rebate a idea de que o salario baixo é só unha cuestión da xente nova que inicia a súa carreira profesional.

### 5.4. A nacionalidade




FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Españóis e estranxeiros sofren a pobreza salarial. Entre as persoas asalariadas cos soldos máis baixos hai máis de nacionalidade española ca estranxeiras; pero tendo en conta o peso de cada grupo, a pobreza salarial afecta máis ao colectivo inmigrante.

**O 73% das persoas que están no decil 1 son españolas e, por tanto, o 27% ten nacionalidade estranxeira: só unha de cada catro persoas con salarios baixos é inmigrante.**

Aínda que en termos relativos as persoas inmigrantes sofren máis a pobreza laboral, pois son o 27% do decil 1 mentres que apenas representan o 11% do total de persoas que traballan por conta allea, o maior volume en valores absolutos é de españois, o que reflicte a extensión do fenómeno.

### 5.5. O tipo de contrato




FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Os baixos salarios non corresponden só aos contratos temporais. Poida que sorprenda, pero a precariedade contractual non é máis relevante no colectivo dos que menos cobran. Ao contrario, en valores absolutos, hai unha práctica igualdade entre as persoas con contratos indefinidos e as que teñen contrato temporal.

**O 51% das persoas asalariadas do decil 1 teñen un contrato indefinido e o 49%, temporal: a metade das persoas con salarios baixos manteñen unha relación laboral estable.**

Con todo, dado o volume destes dous segmentos no mercado de traballo, os salarios baixos afectan máis aos precarios: son case un de cada catro asalariados e, con todo, son case unha de cada dúas persoas con salarios baixos.

### 5.6. A antigüidade



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais


Os contratos con menos antigüidade son os peor remunerados pero os baixos salarios afectan tamén á xente con antigüidade.

A antigüidade no posto de traballo é un factor relevante pero non determinante para pertencer ao tramo de salarios máis baixos. En todos os niveis de antigüidade hai persoas nesta situación, aínda que hai máis no caso das que levan menos tempo ocupando o seu posto de traballo.

**O 52% dos que compoñen o decil 1 levan menos de dous anos no seu posto de traballo, pero o 27% leva máis de cinco anos.**

Esta distribución demostra que a pobreza laboral xa non é unha situación conxuntural das persoas que acceden por primeira vez a un emprego, senón unha realidade que empeza a enquistarse, a converterse en permanente para moitas persoas.

### 5.7. Os servizos de baixo valor engadido



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais


O sector de actividade é unha variable relevante para encadrar as persoas no colectivo con salarios máis baixo. Catro ramas concentran a maioría das persoas que están no decil 1.

**As persoas que traballan como empregadas nos fogares, na hostalaría, no comercio e nos servizos auxiliares a empresas (limpeza e vixilancia, sobre todo) son o 62% do colectivo co menor nivel salarial.**

Nesta concentración salarial inflúen, pola súa vez, tres factores: máis contratación temporal, maior presenza de

mulleres e baixo valor engadido destes servizos.

### 5.8. O tamaño da empresa



FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais


Canto máis pequena é a empresa, máis baixos son os salarios.

O tamaño da empresa ten unha influencia relativa na configuración do colectivo cos salarios máis baixos, porque en realidade a súa distribución non difire moito da do emprego en xeral, cun peso moi elevado da pequena e media empresa.

**O 63% das persoas que están no decil 1 traballan en empresas con menos de dez traballadores.**

Con todo, esta porcentaxe correspóndese coa estrutura do emprego en España, porque a gran maioría dos asalariados traballan en empresas de menos de dez traballadores/as e son moi poucos os que o fan en empresas de 250 ou máis.

### 5.9. O sector privado



Outra variable determinante para encastrarse no decil 1 é a natureza do empregador: público ou privado. A gran maioría das persoas con salario baixo están no sector privado e a súa presenza é mínima no sector público.

**O 96% das persoas que conforman o decil 1 traballan no sector privado e só o 4% no público.**

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA.  
Medias anuais



